

# NAMORADA LINGUA

DEPUTACIÓN DA CORUÑA


SECCIÓN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

## QUERO DARVOS A BENVIDA

a esta nova ferramenta que pon ao voso dispor a Sección de Normalización Lingüística da Deputación da Coruña. Con este boletín dixital pretendemos non só mantérmonos informadas e informados das actividades, proxectos ou convocatorias de axudas tanto de administracións públicas como de entidades privadas, mais tamén queremos convertelo nun espazo en que poderemos partillar boas prácticas, experiencias, inqedanzas e reflexións en relación coa nosa lingua. Igualmente, tencionamos achegarnos a outras realidades lingüísticas similares á do galego.

Agardo que esta publicación sexa da vosa utilidade e quero animarvos a participardes propondo contidos e enviando a información que considerardes de interese para a podemos difundir no presente boletín dixital. Desta maneira tamén conseguiremos tecer unha rede de coordinación que nos permita avanzarmos na normalización do galego, na igualdade de dereitos lingüísticos e na eliminación das actitudes negativas, preconceptos e tópicos que aínda hoxe afectan a nosa lingua propia.

*María Muiño, deputada delegada especial de NL*



**Deputación  
DA CORUÑA**

- páx 1* • Benvida da deputada
- páxs 2-3* • Actividades, Querocantar
- páxs 5-7* • Cursos / Xornadas / Congresos / Encontros
- páx 8* • Premios
- páx 9* • Falamos co... SNL do Concello de Santiago de Compostela
- páxs 11-12* • Eventos (Lista de reprodución ao vivo e LGx15)



Diciá Ánxel Fole xa hai moito tempo que o galego entraba cantando e contando. Non só, xaora, pensamos nós, mais véndonos na necesidade de que o galego entre, ou *reentre*, estes dous semellan camiños agradables de facer. Desta vella idea bebe o Quero Cantar.

Tamén o fai daqueloutra ilusión que foi Cantareliña, o certame que desde San Sadurniño e grazas ao grupo Saraibas puxo o alumnado de EXB a cantar en galego durante a década dos oitenta. Pregunten entre as bandas e solistas do panorama actual da nosa música e verán que máis dun e máis dunha pasaron por alí. “Mentres os meniños canten Galiza será inmorrante”, rezaba o lema daquela idea. Igual seguen sen ser moi bos tempos para a lírica (tampouco é que parezan mellores para a épica) mais cantar aínda hai quen cante.

E pouco máis. Se nos cinguimos á cerna da proposta, só restaría dicir que outra concepción fundamental era ceder no posible o protagonismo á propia rapazada. Considerala emisora máis ca

receptora. De aí que as cancións deban ser orixinais ou que o xurado da final estea formado exclusivamente por xente nova de idades parellas ás dos participantes (ata 12 anos categoría infantil e de 13 a 16 a xuvenil).

Tras cada edición, envíanse a escolas de toda Galicia mil unidades dun disco compilatorio (que se distribúe tamén en descarga desde a páxina web). Confiamos no efecto positivo que sobre a rapazada pode ter o escoitar outra rapazada tocando e cantando en galego cancións de calquera estilo da música popular contemporánea.

O concurso musical Quero cantar, é xa unha cita de referencia na programación para o público máis novo que convida a cantar na nosa lingua, promovido polo Servizo de Cultura da Deputación da Coruña celebrou a súa gala o 24 de novembro no Teatro Colón.

Na categoría xuvenil gañou a coruñesa Isma Kalo e a banda de Caión "A música das baleas" na categoría infantil.

Puxémonos en contacto con dous profesores que prepararon a grupos finalistas e gañadores de edicións pasadas e isto foi o que nos contaron.

## Os Cortegados e o "Quero cantar"

### 1. Introducción.MOV (vídeo en MP3)

Pero, sempre hai un pero...

Ao igual que outras zonas de Galicia, Cortegada estase a quedar sen xente.

Os colexios están abarrotados de baldeiro. As ringleiras son cada vez máis curtas e os patios cada vez son máis grandes.

É un problema con moitas solucións. Nós intentamos solucionar o que está na nosa man. Unha das cousas que podemos atallar é a falta de ilusión.

Despois de varios anos no mesmo Cole decatámonos que temos uns nenos que aínda que son poucos, son moi talentosos e vivos. Aproveitamos a súa forza para iniciar multitude de proxectos, sobre todo artísticos, e esa forza e talento natural ten dado sorpresas preciosas como a participación no "Quero Cantar" de 2018.

Animados polos mesmos alumnos, os mestres sempre andamos pescudando proxectos tan interesantes coma estes. Preparamos unha canción, ensaiámola e presentámola sen máis.

A canción gustou desde o primeiro momento e a cousa foi medrando de xeito que moitos colexios de toda Galicia xa a inclúen nas súas celebracións do día da árbore, cando queren poñer en valor a natureza ou simplemente na aula de música.

Estamos moi orgullosos de todo isto e animamos a todos os colexios de Galicia a que fagan algo bonito cos nenos.

Paga a pena.

Anxo Fernández (Mestre dos Cortegadaos, gañadores na categoría infantil 2018)

## As Estrelas do Rock e o "Quero cantar"

Estou seguro de que para Raquel, Marta, Aida e Sabela, participar no "Quero Cantar" do ano 2017 foi unha experiencia difícil de esquecer. Catro rapazas que comezaban a tocar a guitarra fixeron unha canción na clase e víronse, de súpeto, tocando nun Teatro Colón ateigado. Máis aló da experiencia no escenario e do premio, seguramente elas destacarían os bos momentos vividos na aula ensaiando, nos camerinos antes de actuar, ou no estudio de gravación dándolle a forma final á canción xunto a Paco Cerdeira.

Aínda que a idea de presentar o grupo xurdiu de min, puxen dúas condicións ás futuras participantes: a canción tiñan que escribirlas (coa miña axuda) e debían ser quen de tocala sen min. Unha vez cumpriron a súa parte, eu cumprín a miña: inscribir as "Estrelas do rock" no certame. Non esaxero se falo do impacto que tivo nas súas vidas aquela aventura. Hoxe en día, varias desas rapazas comezan a compor as súas cancións e veñen ensinarlas, orgullosas, á aula. Seguen a mellorar co instrumento, actúan, sen medo escénico ningún, nas festas do colexio e, sobre todo, contaxian o seu estado de ánimo ao resto de compañeiros e compañeiras.

Miguel Alonso Fernández (Mestre das Estrelas do Rock, finalistas en categoría infantil 2017 e dos Ramallos, no de 2018)



QUEROCANTAR





## REAL ACADEMIA GALEGA

"Nos nomes das nosas rúas e prazas habita a memoria da nosa historia, a pegada dos nosos devanceiros, tamén os momentos de abalo e devalo. Estudar a toponimia dos nosos espazos urbanos axuda a coñecer o que somos e, sobre todo, de onde vivimos", dixo o presidente da RAG. Víctor F. Freixanes na IV Xornada de Onomástica Galega celebrada en Pontevedra o 19 de outubro.

### Un patrimonio inmaterial protexido legalmente

"Nesta xornada reflexionamos sobre os nomes das rúas galegas: como se conformaron na Idade Media, poñendo o foco en Santiago e Baiona, e como son os procedementos actuais para nomear novas vías urbanas en Pontevedra, Vigo, A Coruña e Lalín" contou Ana Boullón. Alén da análise académica, a xornada acolleu a presentación, por parte do académico correspondente Gonzalo Navaza, dunha proposta para as novas denominacións de rúas, avenidas ou prazas que preserve a toponimia tradicional fronte á conmemorativa. "Hai que evitar facer dos nomes das rúas un panteón de veciños ilustres, non é preciso agredir este patrimonio para homenaxealos", salienta o filólogo.

A propia Lei do patrimonio cultural de Galicia, aprobada en 2016, define a toponimia tradicional como un elemento do patrimonio inmaterial galego e, como tal, a Administración local ten a obriga de protexela. "Pero a realidade en moitos municipios é precisamente a contraria, ignóranse moitos nomes que foron creados colectivamente e que tiñan un papel utilitario para a sociedade, porque describían o territorio, e óptase polos nomes conmemorativos, moito máis simbólicos, e que sitúan a comunidade nun contexto social, político ou cultural.", advirte Ana Boullón.

Especial referencia mereceu a apropiación simbólica do espazo público por parte do franquismo nun programa que tamén abordou

experiencias didácticas baseadas nesta materia. Os profesores Xesús Fernández Acevedo, Pilar Buela e Carlos Montejano expuxeron os proxectos desenvolvidos tanto nun ambiente urbano, como o do IES de Ribadeo, coma no rural do IES de Valga, onde os nomes destes espazos non se visualizan en carteis e apenas foron obxecto de estudo.

### Compostela: da rúa da Moeda á de Acibechería

A conformación na Idade Media dos nomes das rúas de Baiona e Santiago de Compostela centraron a primeira sesión da xornada, a través de senllos traballos de Gonzalo Navaza e de Gonzalo Hermo.

A achega de Gonzalo Hermo baséase no *Tombo de tenzas primeiro*, un rexistro de propiedades do cabido de Santiago, con información de 1352 a 1412, cuxo principal valor lingüístico ten que ver precisamente coas denominacións de lugar. "Nel atopamos os primeiros testemuños escritos de nomes de aldeas e parroquias galegas", explica Gonzalo Hermo.

A consulta deste documento permite constatar que algunhas das rúas máis emblemáticas de Santiago seguen a ter o mesmo nome ca na segunda metade do século XIV. De feito, dun total de 31 hodónimos analizados, 20 son nomes de rúas que se conservan na actualidade, o que testemuña "un alto grao de conservación da

hodonimia tradicional na cidade de Santiago se a comparamos coa doutras cidades e vilas medievais galegas", conclúe. Aínda que con diversas evolucións, é o caso das rúas Algalia de Abaixo, Algalia de Arriba, Bonaval, Mazarelos, Preguntoiro ou a Conga.

### Unha forma de memoricidio

No caso de Santiago de Compostela tamén se detivo o historiador Antonio Míguez Macho, que presentou un relatorio sobre a apropiación simbólica do espazo público durante o franquismo a través de distintas estratexias, entre elas os cambios de nomes de rúas e prazas. Explicou que no caso español o proceso polo cal as autoridades pasaron a monopolizar a capacidade de outorgar, retirar ou modificar nomes das rúas está ligado á construción do Estado liberal, na procura da creación dunha memoria colectiva. Naquel momento comezaron a proliferar as denominacións conmemorativas e o debate entre partidarios e contrarios dos distintos cambios. "Este debate non deixou de existir a día de hoxe e seguirá existindo sen dúbida. Pero cómpre delimitar os debates plurais e democráticos e diferenciarlos do proceso que ten lugar tras o golpe de 1936", advirte. "O cambio da toponimia urbana está intimamente relacionado cun fenómeno máis amplo de destrución dun grupo social que se considera inimigo. Neste contexto, o proceso de resignificación do espazo público adquire unha dimensión dirixida tanto a construír unha 'nova España' como a destruír a 'vella' coa práctica do memoricidio", conclúe o historiador, que foi presentado polo académico Antón Santamarina.

A residencia de estudantes Rodríguez Cadarso (en memoria do reitor que proxectou o campus universitario) converteuse así no "Colegio Mayor Generalísimo Franco" e a praza construída diante das Casas de Ramírez foi bautizada en pleno franquismo como "Plaza de José Antonio". Xa na década de 1980, aproveitando unha reforma do espazo, adquiría oficialmente a denominación popular que recibiu durante os últimos anos da ditadura, "Praza Roxa", por ser lugar de referencia das protestas estudiantís.





### A experiencia dos institutos de Ribadeo e Valga

A toponimia urbana como base de experiencias didácticas centrou a última sesión da mañá. Xulia Marqués deu paso á presentación das experiencias promovidas en dous centros educativos: Xesús Fernández Acevedo explicou tres propostas desenvolvidas no IES Dionisio Gamallo de Ribadeo e Pilar Buela e Carlos Montejano, a do IES de Valga, onde se levou a cabo co alumnado unha investigación arredor da microtoponimia das aldeas, contando coa colaboración da veciñanza como informante.

### O caso pontevedrés: entre os nomes tradicionais e a visibilización das mulleres

En Pontevedra o nomenclátor urbano está composto por 456 hodónimos rexistrados, dos cales 134 fixan ou recuperan os topónimos tradicionais e 238 son conmemorativos onomásticos, expuxo Conchi Cochón do SNL de Pontevedra. Entre os anos 2005 e 2008, en Pontevedra funcionou un grupo de traballo municipal interdepartamental para recuperar toponimia tradicional de fontes escritas, acordar criterios para corrixir a toponimia municipal, galeguizar a que fose necesaria e cambiar as placas das vías. Xa en 2015, o Pleno acordou avanzar na visibilización das mulleres no nomenclátor de vías urbanas, mais primando o criterio do uso da toponimia tradicional, que se vén aplicando desde o ano 2002. Nestes momentos só 26 mulleres lles dan nome ás rúas, fronte a 212 homes.

En termos semellantes se expresou Iván Méndez, técnico de toponimia da RAG que participou na xornada cun relatorio sobre o caso da Coruña, onde o proceso de substitución da microtoponimia tradicional vive o seu apoxeo dende a segunda

metade do século pasado. Nesta cidade dúas de cada tres rúas teñen nomes honoríficos, a maioría (400) en homenaxe a un home, e só unha de cada catro ten nome toponímico.

Un caso paradigmático de perda da toponimia tradicional é o do chamado *Parque Ofimático*, que recorda o proxecto de construción dun polígono de empresas tecnolóxicas anunciado en 1990. Malia desbotarse anos despois e acabar acoitando vivendas particulares, este "neotopónimo" supuxo o esquecemento dos lugares de *Xuxán*, *Galán* e mesmo *A Pereiroa* e parte das *Cernadas*, mais tamén de topónimos como *Agrelo*, *A Casanova*, *A Viña Pequena*, *A Casavella*, *As Peladas*, *O Cubelo*..., enumera o filólogo.

Marta Negro, do ILG, analizou a situación de Lalín, onde moitas rúas froito da urbanización recente levan nomes de letras e números. De 175 nomes de rúas que hai nesta localidade, son moi abondosos tamén os conmemorativos e honoríficos, pero só tres homenaxean a mulleres: Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán e a profesora Maruja Gutiérrez.

O reto de preservar este patrimonio inmaterial atopa, por fortuna, certos ventos favorables. Un deles é o propio interese crecente da sociedade, indica Marta Souto, do SNL do Concello de Vigo. "Comprobamos o aumento do interese entre a veciñanza sobre e pola toponimia. Nos centros de ensino realízanse, cada vez máis, traballos sobre a toponimia da contorna e non son xa tan infrecuentes as consultas sobre toponimia ao SNL feitas dende despachos de avogados, arquitectos, delineantes sobre toponimia", conclúe.

## Mil Primaveras

Entregáronse os premios Mil primaveras organizados pola CTNL, o 21 de setembro en Pontevedra.

Nun acto conducido polos regueifeiros **Lupe Blanco e Luís O Caruncho**, entregáronse os premios Mil Primaveras a **Modelo Burela** do IES Perdouro (como proxecto estabilizado), **Falemos de ti e min** do IES de Soutomaior (como proxecto novo), **Desafío 48 h do IES María Casares de Oleiros** (pola súa comunicación e impacto), **Youtubeir@s** de



13 concellos, as tres universidades galegas e a Deputación da Coruña (como programa máis innovador), **Eu presumo de galego** do IES de Melide (como proxecto destinado á mocidade) e **GCiencia** (como proxecto dun ámbito sectorial).

O galardón identificativo dos Premios Mil Primaveras consistiu nunha peza artística de barro de Buño acabado en esmaltes cerámicos, obra de **Nahuel Pérez**, titulado superior en técnicas escultóricas pola Escola Mestre Mateo.

## Youtubeir@s


O Proxecto Youtubeir@s, organizado polos servizos de normalización lingüística dos concellos da Baña, Ames, Carballo, Cedeira, O Grove, Moaña, Ourense, Ribadeo, Pontevedra, Rianxo, Santiago e Teo, das universidades da Coruña, Santiago e Vigo e da Deputación da Coruña co obxectivo de fomentar a creación de contidos na Rede na nosa lingua, celebra neste 2019 a súa terceira edición baixo o lema *Conéctate á comunidade e multiplícate*

Os premios Youtubeiras teñen catro categorías: vídeo-facermos (vídeos que mostran saberes e procesos de elaboración a través de tutoriais), vídeo-opinarmos (exposición de opinións e valoracións sobre un tema de interese), vídeo-



cantarmos (vídeos musicais con versións, composicións orixinais, adaptacións ou coreografías) e canles. Ademais destas catro categorías, recoñeceranse premios á creatividade, á eficiencia comunicativa, á calidade técnica e á calidade lingüística, decididos todos por un xurado de recoñecido prestixio que outorga o premio durante a gala dos Premios Youtubeir@s, no mes de novembro. Por último, o certame conta cun premio do público que se entrega baixo o nome de #propostayoutubeira. En conxunto, Youtubeir@s repartirá un total de 6500 euros en galardóns. As bases completas pódense consultar na web [www.youtubeiras.gal](http://www.youtubeiras.gal)

# ATOPANDO COMPOSTELA



[atopando.santiagodecompostela.gal](http://atopando.santiagodecompostela.gal)



O Concello de Santiago de Compostela mantén unha traxectoria continuada de promoción do uso da lingua galega desde os anos 80 e conta cun dos servizos de normalización máis estables da provincia. Para coñecer con algo máis de detalle a súa actividade mantivemos unha entrevista co equipo técnico do Departamento de Lingua Galega -a denominación que ten este servizo-, formado neste momento por dúas técnicas de normalización.

Cales diríades que son os principais valores da acción en prol da lingua que desenvolve o Concello de Santiago?


Esta Corporación foi das primeiras en que se tomaron decisións en materia de política lingüística dirixidas a facer presente o galego na actividade municipal e cidadá en xeral. Esa liña política, e os acordos sobre os que se asentou, mantense ao longo dos anos de maneira continuada e as ferramentas coas que se dotou o Concello, como un regulamento ou o propio servizo de normalización, teñen xa unha longa traxectoria baseada nun certo consenso. Isto é un valor moi positivo para a lingua porque fai que exista un discurso institucional por encima dos vaivéns políticos, que a poboación percibe.

Por outra parte, tamén é un valor a práctica da cooperación con outras entidades. As características e o papel que cumpre Santiago seguramente están na base de que sexa habitual colaborar con administracións, asociacións etc., mesmo con certa xenerosidade. No noso ámbito, son xa moitos os programas colaborativos que impulsamos ou nos que participamos, que logran moita maior incidencia que cando se traballa de xeito illado.

Finalmente, destacaríamos tamén como un valor moi positivo que está máis que asumida desde hai moito tempo, unha perspectiva de traballo pola lingua que vai moito máis alá da "corrección lingüística" nos documentos da administración e que ten como obxectivo levar o galego a todos os usos internos e externos da institución e tamén da sociedade compostelá.

**A respecto disto último, e en relación co perfil profesional con que contades e que é o máis habitual nos servizos de normalización, o de lingüistas, como se afrontan os proxectos que desenvolvedes?**

É innegable que queda moitísimo por facer na mellora da calidade lingüística e que a competencia en galego é aínda moi deficitaria. Segue habendo que facer modelos de documentos, revisar moitos textos ou mellorar a formación do persoal, pero non podemos ficar niso. Non se avanza practicamente nada se as persoas usuarias non gañan autonomía e se senten seguras no idioma e, para iso, a tradución non ten sentido ningún, a corrección debe realizarse con eses obxectivos e, en realidade, temos que traballar máis o que incentive o uso.



A formación lingüística do persoal técnico dos servizos é útil, incluso necesaria, pero para traballar no proceso de normalización faise imprescindible a sociolingüística -non tan presente nos plans de estudos- e, incluso máis, os coñecementos e habilidades para xestionar proxectos de dinamización social desde unha administración, que xa non están incluídos no paquete da titulación filolóxica. Os ámbitos da xestión pública, a planificación, a intervención social e comunitaria, as dinámicas de participación... son fundamentais para traballar nun servizo de normalización. Estes espazos de análise e de acción deben implicarse no deseño de programas dirixidos á sociedade e á propia administración, cunha perspectiva dinamizadora, lonxe do papel de tradutores e correctores que ás veces se nos ten atribuído. Na nosa opinión esta perspectiva de extensión do uso social debe estar no centro dos obxectivos dun servizo municipal.

**E no que toca aos recursos dos que dispón o voso departamento para os proxectos que desenvolve, que vos parece relevante?**

Temos que volver falar da importancia da estabilidade e do traballo en rede, que nos permiten planificar con perspectiva temporal e ser máis eficaces e eficientes -esas palabras tan de moda. Por suposto tamén é decisivo contarmos cun orzamento específico dedicado á normalización, unha constante desde hai xa ben anos, aínda que houbera altibaixos na súa contía e que, cando menos neste momento, sexamos xa dúas técnicas. Vendo o panorama xeral, non nos podemos queixar moito, nin sequera das nosas condicións laborais! Neste sentido, pensamos que o Concello de Santiago é un exemplo que debería estenderse e que, se as diferentes corporacións o analizasen con seriedade verían que é rendible contar con persoal técnico estable.

**Con todos estes vimbios, cales son os programas que destacades?**

Temos que colocar no primeiro posto o **Apego**, un proxecto de moita transcendencia social, que se dirixe á primeira infancia con multitude de liñas de intervención, no que é unha delicia traballar e que fai moita falta. De feito, neste momento, é o programa de maior envergadura que desenvolvemos e para o cal pasamos de ser un servizo single a un equipo de dúas.

Tamén incluímos na caixa dos destaques o resto dos proxectos en colaboración con outros concellos, desde aquel histórico e pioneiro Ciberlingua de hai xa ben anos ata os actuais **Enreguéfate, Youtubeir@as, ou o Club de Debate**. Ademais do contido en si de cada un, a achega que supón planificar conxuntamente con outros técnicos e técnicas é francamente enriquecedora en todos os sentidos, tanto para nós como para o rendemento social dos proxectos.

Parécenos tamén moi importante o esforzo que se está facendo no ámbito socioeconómico, no que mantemos desde o 2000 unha iniciativa xa moi asentada, o **Premio Manuel Beiras**, xunto coa Cámara de Comercio. Neste sector débense ter en

conta dúas caras complementarias, as empresas e os consumidores ou as consumidoras, e o enfoque dos proxectos máis recentes, como **Fotolingua, Galegoempresas** ou as axudas á comunicación comercial en galego, **Coidar para mellorar**, en colaboración coa área de comercio, así o consideran.



O último bloque de actividades que teñen tamén bastante peso no noso calendario é o dirixido ao ámbito educativo. Cara aos diferentes centros escolares temos programas específicos, como o xa citado Club de Debate, ou o **Conto viaxeiro**, e algúns que teñen un alcance máis amplo pero contan con actividades para as escolas. Mesmo por veces facemos de ponte para achegar proxectos doutras institucións -como o Quero cantar ou O galego, a miña lingua propia, da Deputación. En todos os casos son programas complementarios que pouco poden incidir na galeguización efectiva da docencia, onde a competencia é autonómica, pero que procuran contribuir a mellorar actitudes.

Para rematar, porque é unha novidade da que pensamos tirar moito rendemento, temos que citar a web do servizo que está comezando a súa vida e onde calquera persoa pode atopar a información ordenada e coa profundidade que desexe sobre toda a nosa actividade. O enderezo é [delingua.santiagodecompostela.gal](http://delingua.santiagodecompostela.gal)



O xoves 3 de outubro no CSC Almáciga de Santiago de Compostela tivo lugar Lista de reprodución ao vivo. *Un novo evento que ten como obxectivo establecer relacións de intercambio e debate entre o público e a comunidade creadora de contidos en Youtube.*

Consistente nun encontro directo entre youtubeir@s e público, *Lista de reprodución ao vivo* emula en certo xeito as bibliotecas viventes ou mesmo as partidas de xadrez simultáneas, de xeito que as persoas creadoras agardaron no seu posto as visitas dos/as "espectadores/as". Así, cada youtubeir@ levaba temas preparados para analizar e o público, foi rotando entre os diferentes postos, realizou preguntas e interactuou cos "vídeos vivos". Cada un destes encontros durou un máximo de 20 minutos. Ao final desta rolda individual, abriuse a todo o público para poñer en común e compartir experiencias



**LGx15. Ideas para o futuro da lingua** é un evento organizado pola **Coordinadora de Traballadoras/es de Normalización da Lingua** (CTNL), chegou á súa quinta edición con propostas sobre o uso do galego no cinema, na rede, no transmedia ou na música. Oito intervencións trasladaron, o pasado sábado **9 de novembro en Teo**, experiencias de compromiso lingüístico en diferentes eidos, do cotián á atención médica, procurando influír nas actitudes e alzar a conciencia lingüística.

Cada unha das persoas convidadas dispuxo de 15 minutos como máximo para trasladarlle ao público a súa experiencia. Malia seren os perfís do máis variado, tiveron especial relevancia aquelas charlas relacionadas coas novas tecnoloxías. Neste senso, estivo presente **Dhaunae de Vir**, especialista en transmedia, que analizou o uso da lingua nos videoxogos e outras narrativas. **Alba Mancebo**, xornalista e responsábel de contidos web da CRTVG, expuxo as súas ideas sobre a importancia de contar historias en galego na rede.

Tamén houbo experiencias como a de **Alba Rodríguez Carrera**, traballadora e estudante que falou da súa decisión de comezar a falar galego desde o 1 de xaneiro de 2019, algo que “na área metropolitana de Vigo e mesmo noutras moitas zonas da provincia implica sentirte forasteira na túa terra”, afirma. Outro referente, a cantante de **Xoana**, abordou a lingua na música

desde a perspectiva creadora, atendendo ao seu camiño de recuperación da lingua materna.

**Rosa Aneiros**, escritora e xornalista, propuxo a charla “O que entendín cando aprendestes a andar en bicicleta”, poética meditación sobre a importancia da lingua na infancia. Á orde do acontecemento cultural do momento, a estrea na Galiza de *O que arde*, o produtor cinematográfico de *DOGHS*, **Suso López**, falou da realización de cinema independente en galego, lanzando preguntas sobre a necesidade, a dificultade e a rendibilidade de o facer. O dermatólogo **Emilio del Río**, pola súa banda, tratou a relación coa lingua como instrumento médico, mentres **Roberto Rivas**, bombeiro e activista social, remitiu á importancia de facer cambios positivos socialmente a favor do idioma.

### **Lingua, música e humor**

O LGx15 estivo, como de costume, cargado de música e humor, nesta ocasión a cargo de **Os da Ría Íntimos** (Arturito Puy e Fabián Santomé, acompañados por Suso Pián), que fixeron de condutores do evento. Diferentes temas e visións compoñen un programa que habilitou un espazo para axudarnos **a reflexionar sobre o futuro da nosa lingua con novos argumentos, propostas de mellora e azos para seguir o camiño**. En definitiva, un formato para meditar, actuar e intentar influír no imaxinario colectivo arredor do idioma lanzando experiencia e propostas para trazar novos camiños.